



Ferrol, 2 de outubro de 2017

Estimada/o compañeira/o:

Pola presente informámoste sobre o Proceso de Primarias Elección á Secretaría Xeral do PSOE que terá lugar o vindeiro domingo, 8 de outubro de 2017, a xornada de votación será en horario ininterrompido desde ás 10:00hs ata ás 20:00hs, no Centro Cultural Carvalho Calero, Rúa Inferniño, 18, Ferrol.

Ademais:

Pola presente convocámoste á ASAMBLEA EXTRAORDINARIA que terá lugar o vindeiro luns, 9 de outubro de 2017, ás 19:30hs en primeira convocatoria e ás 20:00 hs en segunda, no Centro Cívico de Caranza, Av. de Castelao, s/n, Ferrol coa seguinte

ORDE DO DÍA

Constitución da Asamblea e elección de Mesa.

Presentación de candidaturas de delegados/as ó 13º Congreso Nacional Extraordinario (1).

Votación para a elección dos delegados e delegadas ó 13º Congreso Nacional Extraordinario.

Debate e votación de emendas ó relatorio marco (2).

Esperando poder contar coa túa presenza, recibe un cordial saúdo

Notas:

(1): Segundo as bases da convocatoria A elección de delegado/as realizarase por medio do sistema establecido no artigo 5.2 dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, e Nacionais, que é o seguinte:

a) Os delegados/as dos Congresos, os/as participantes nas conferencias e os membros dos comités municipais, provinciais, insulares, rexionais ou nacionais e federal serán elixidos en listas completas, pechadas e bloqueadas. Aos distintos Congresos non poderán asistir como delegados/as os membros dos respectivos órganos executivos.

b) No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos validos a candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.

c) No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superasen o 20%.

Á Agrupación Socialista de Ferrol correspóndenlle, polo baremo aprobado pola CEP para este proceso, 11 delegados e delegadas ao Congreso Nacional extraordinario. Estas deberán ser completas; é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir, cerradas e bloqueadas. Así mesmo, as candidaturas presentadas deberán cumprir o previsto no artigo 5.2 d) dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, debendo ter igual representación de homes e mulleres ordenados de forma alternativa. Cando o número de integrantes da candidatura sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada o equilibrio numérico, respectándose a orde alternativa entre os candidatos de un e outro sexo.

Con carácter xeral, para poder ser elixido delegado/a haberá que formar parte do corpo electoral.

O Prazo de presentación de candidaturas de Delegadas/os para o Congreso Nacional extraordinario finalizará o luns, 9 de outubro de 2017 ás 12:00 horas e serán presentadas na Agrupación Local de Ferrol que estará aberta o 9 de outubro de 11:00h a 12:00h.

(2): O relatorio marco estará dispoñible na agrupación municipal e na web <http://www.psdeg-psoe.com/>

Para que toda a militancia poda realizar as súas achegas ó relatoria marco, enmendas e correccións estará a disposición dos militantes na sede da Agrupación Socialista de Ferrol, rúa Manuel de Cal, nº 9, teléfono: 691192635 e no Municipal Socialista Concello Ferrol, teléfono 981944034. Tamén podes acceder no seguinte enlace <http://www.psdeg-psoe.com/>